

Pegada Nº19



Curso 2022-2023



Autor: Alex Balsa 2ºA

LIMIAR

A revista Pegada volve saír á rúa. Un curso máis, o alumnado pode verse retratado nestas páxinas, que son a memoria do curso 2022-2023.

A nosa publicación mantense viva e xa van dezanove Pegadas!

En todo este tempo, houbo moitos cambios no centro, no ensino, no mundo.

Desde que comezou a publicarse este xornal escolar, asistimos a unha evolución imparabile da sociedade: as tecnoloxías, a urbanización, as comunicacións. E tamén experimentamos cambios nos costumes, nos intereses e nos quefaceres da aula. Desde o noso curruncho do mundo imos dando testemuño do que facemos e sentimos, perfeccionando a nosa mirada, ampliando horizontes, convivindo en igualdade... medrando como persoas!

Como cada ano, queremos tamén lembrarnos das nenas e nenos que cambian de etapa e de centro, moita sorte neste novo camiño! Moita sorte tamén para todas e todos os docentes que estiveron con nós este curso e que non repetirán o próximo.

A través da nosa revista escolar imos apreciando os cambios, pero sempre mantendo a ilusión, as ganas de progresar e a ansia por mellorar a realidade. E neste camiño nos seguiremos atopando.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP López Ferreiro.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, desenvolveu este curso unha chea de propostas, que fixeron que o noso proxecto de fomento do uso do galego fora moi ben valorado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades .

Traballamos dende o galego a coeducación emocional dende a perspectiva de xénero, co fin de acceder a un desenvolvemento integral do alumnado a través de propostas, como a que se levou a cabo para conmemorar o 25N ou como a que se realizou para romper co mito do amor romántico. Tamén se desenvolveron faladoiros sobre igualdade e bo trato.

Pero, ademais, coordinamos o **Programa Donas de Si**, pertencente ao Plan Proxecta +, para promover accións de igualdade efectiva para superar, dende a escola, os prexuízos sexistas. Neste programa, no que participou case todo o centro, demos a coñecer a Mulleres Imprescindibles na vida de Compostela.

O noso equipo, por outra banda, retomou, despois duns anos, a actividade do grupo de teatro, conformado por alumnas e alumnos de 5º e 6º de Primaria.

Representaron, na XXVII edición do Festival de Teatro Intercentros, a obra orixinal **Fai un trato co galego!** O título da obra é precisamente o nome da campaña que o EDLG vén desenvolvendo dende o curso pasado.

Colaboramos con outros centros e institucións, presentamos o Libro da Memoria, realizamos unha exposición solidaria en colaboración co Equipo de Extraescolares, gravamos textos de tradición oral e realizamos un roteiro pola cidade, seguindo os pasos de Francisco Fernández del Riego.

Agardamos que vos acheguedes ás nosas propostas premendo nas imaxes!




Aulas Maruxa e Coralia

Este curso 2022/23 foi o primeiro para **as Maruxas e as Coralias** no López Ferreiro. Sen dúbida, un ano cheo de primeiras veces, de emocións e de experiencias novas con persoas que acabamos de coñecer.

Unha das nosas prioridades este curso foi a cohesión das aulas, tanto individualmente como en grupo, posto que inician xuntas unha andaina que durará 9 anos.

Comezamos achegando ás aulas as persoas imprescindibles, nas vidas do noso alumnado a través do conto "O fío invisible" (de Miriam Tirado).

Podedes ler máis [aquí](#)



No 2º trimestre compartimos co resto os nosos obxectos especiais nas "caixas dos sentires".

Podedes ler máis [aquí](#)

Ademais destas propostas, pasamos moito tempo **as dúas clases xuntas**, desenvolvendo dinámicas de presentación, coñecemento e afecto; xogando, pintando e manipulando libremente o material non estruturado das instalacións.

Algunhas das instalacións deste curso



Tivemos a enorme sorte de ser **amadriñadas e apadriñadas** polo alumnado de 1º de primaria, co que compartimos moitas actividades e co que as Maruxas e as Coralias comezaron a crear vínculos permanentes. **Podedes ler máis [aquí](#)**



Tivemos un **alumnado de prácticas** inmejorable, que deu o mellor de si en cada proposta.



Cris

Manu

Paula

Lara e Lucía

Recibimos nas nosas aulas un montón de visitas ao longo do curso. **Visitáronnos as familias do alumnado.**





Visitounos AGADEA
(Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencia Tipo Azlhéimer) cos que compartimos instrumentos e cancións.

APRENDIZAXE




Visitounos a escola de maiores da Biblioteca Anxel Casal, á que devolvemos a visita.



Fomos de excursión a Coruña. Visitamos a **Exposición Meisel93** e completamos a proposta fotográfica nas aulas, ampliándoa cunha reflexión sobre os corpos normativos na publicidade.




- Que non di a imaxe?
- Que pensamos que pasou antes de tomar a foto?
- Por que tantas persoas saen nas imaxes con sombreiros?



E, como non podía ser doutra maneira, a **tradición oral**, un dos nosos piares, estivo presente todo o curso.



Preme en cada unha das imaxes e disfruta dos videos de tradición oral deste curso




FELICES VACACIÓNS



PROXECTO DAS TERRAS POLARES

Neste proxecto o alumnado de 5º de infantil investigamos sobre un dos ecosistemas máis alonxados da nosa contorna, as rexións máis frías do planeta: o ártico e a antártida. Aprendemos sobre os animais que viven alí, debuxamos osos polares e pingüíns, contruímos iglús, experimentamos co xeo, admiramos as auroras boreais e austrais, viaxamos en zorra por lugares como Canadá, Alaska ou Laponia. Descubrimos os perigos da contaminación e do quecemento. É necesario que COIDEMOS O PLANETA!





PROPOSTAS AULA 5º INFANTIL

O XOGO INFANTIL

O xogo ten un papel fundamental no desenvolvemento integral das nenas e nenos. O xogo provoca benestar e liberdade de expresión, fomenta as habilidades sociais. Adquiren responsabilidades e capacidade de xuízo, aumenta a madurez e prepara para o futuro. Ademais axuda a explorar, a entender mellor o mundo, a desenvolver a imaxinación e a creatividade.

Tanto no xogo libre dentro da aula creando ambientes axeitados con materiais naturais seleccionados organizados e ordenados nos distintos espazos como no xogo libre no exterior o adulto debe acompañar cunha presenza e mirada atenta e respectuosa establecendo limites dentro dun entorno que favoreza a liberdade e a confianza.



AS RÚAS ÉNCHENSE DE FLORES!

COA CHEGADA DA PRIMAVERA AS RÚAS DE COMPOSTELA TÍNGUENSE DE CORES, AROMAS, FORMAS...ASÍ QUE AS NENAS/OS DE 4 ANOS B SAÍMOS A DESCUBRIRLO!



RECOLLEMOS ALGUNHAS PARA AVERIGUAR OS SEUS NOMES



OBSERVAMOS AS FLORES NO PARQUE XIXÓN



APROVEITAMOS PARA CANTAR A CANCIÓN DO MAIO!

XA NA ESCOLA SEGUIMOS INVESTIGANDO:



A TRAVÉS DE EXPERIMENTOS, XOGOS, DEBUXOS... SEGUIMOS APRENDENDO SOBRE AS FLORES E A NOSA CONTORNA!



EXPERIMENTO FLOR DE PAPEL, SUCEDE PORQUE A AUGA MOLLA O PAPEL E AUMENTA O SEU PESO ASÍ AO CHEGAR AOS PÉTALOS FAI QUE CAIAN



EXPERIMENTO MARGARIDAS DE CORES, TINGUIMOS MARGARIDAS APROVEITANDO QUE AS RAÍCES ABSORVEN A AUGA E OS SEUS NUTRIENTES.



APRENDEMOS OS NOMES DAS FLORES

E CON TODO O APRENDIDO DECIDIMOS **DARLE VOZ AO NOSO LUGAR!** PARTICIPANDO NA EXPOSICIÓN ACOLLIDA POLO MUSEO DO POBO GALEGO QUE LEVA ESE MESMO NOME:

DÁLLE VOZ AO TEU LUGAR

TRÁTASE DUNHA INSTALACIÓN PARTICIPATIVA QUE PROMOVE O FACER ARTÍSTICO CON MATERIAIS E TÉCNICAS TÉXTILES QUE TEN COMO EIXE TEMÁTICO PROMOVER SOCIEDADES XUSTAS, PACÍFICAS E INCLUSIVAS.

VISITAMOS A EXPOSICIÓN



O OBXECTIVO DA PROPOSTA É CONSTRUIR UNHA CARTOGRAFÍA COLECTIVA QUE FUNCIONE COMO CHAMAMENTO CONTRA OS CONFLITOS SOCIAIS E AMBIENTAIS. ELABORAMOS A NOSA PEZA PARA ACHEGAR A EXPOSICIÓN A TRAVÉS DA VISITA E OBSERVACIÓN DA NOSA CONTORNA, VENDO OS CAMBIOS QUE TRAE A PRIMAVERA E REFLEXIONANDO SOBRE A IMPORTANCIA DOS ESPAZOS VERDES.



APROVEITAMOS MATERIAIS DE REFUGALLO E LÁ PARA ELABORAR ESTA PEZA, AS NENAS/OS EMPREGARON A TÉCNICA DO HILORAMA. E PARA REMATAR, CAMIÑAMOS ATA O MUSEO DO POBO GALEGO DEPOSITANDO A NOSA OBRA QUE FORMARÁ PARTE DESTA EXPOSICIÓN E VIAJARÁ A OUTROS LUGARES.

OLA! SON **IRENE GONZÁLEZ**
E ESTE CURSO NA MIÑA
SALA DE PSICOMOTRICIDADE
FIXEMOS MOITOS XOGOS
E ACTIVIDADES MOTRICES



AS **SESIÓNS DE PSICOMOTRICIDADE** SUCÉDENSE EN
DISTINTOS MOMENTOS, PRESENTOVOS ALGUNHAS
ACTIVIDADES QUE FIXEMOS:



1º MOMENTO: ESTIRAMENTOS E QUECEMENTO

- ESTIRAMENTOS NOMEANDO AS DISTINTAS PARTES DO CORPO, POSTURAS DE IOGA
- ANDAR, TROTAR, CORRER, SALTAR, IMITAR DISTINTOS ANIMAIS, ACCIÓNS...





2º MOMENTO: ACTIVIDADE MOTRIZ E XOGOS

- **CIRCUÍTOS:** EQUILIBRIO, SALTO, REPTAR, RODAR USANDO AROS, COMBAS, COLCHONETAS, PICAS, RODAS, CONOS, BANCOS, LADRILLOS, TRAMPOLÍN...
- **XOGOS:**
 - SON O CARTEIRO REAL E VEÑO A TRAER UNHA CARTA A TODOS OS QUE TEÑAN.... (UNHA CARACTERÍSTICA). O ALUMNADO QUE A TEÑA DEBE CAMBIAR DE SITIO.
 - UN NENO/A DI: "SON PELOTA DE PIN PON E BOTO, BOTO, BOTO POR TODO O SALÓN, SE TE TOCO, BOTAS, BOTAS, BOTAS" E VAI TOCANDO OS COMPAÑEIROS/AS QUE SE UNEN O CENTRO DO CÍRCULO A BOTAR CON EL. PILLA
 - PILLA: CANDO NOS PILLAN DEBEMOS QUEDAR QUIETOS CAS PERNAS ABERTAS, UN COMPAÑEIRO/A DEBE PASAR POR DEBAIXO PARA SALVARNOS.
 - PATO, PATO, CUA: EN CÍRCULO SENTADOS, UN NENO/A IRÁ TOCANDO AS CABEZAS DO ALUMNADO DICINDO "PATO, PATO, PATO..." CANDO DIGA "CUA" DEBERÁ DEIXAR O PELUCHE DETRÁS DUN COMPAÑEIRO/A, QUE SE LEVANTARÁ E CORRERÁ DETRAS DEL, E ESTE PROCURARÁ SENTARSE NO SEU SITIO.



CONTOS MOTORES: SOMOS EXPLORADORES NA SELVA E O MAGO PINCELÍN

- **ACTIVIDADES MOTRICES:** ENCESTAR AROS NOS CONOS, TIRAR OS SACOS DE AREA NOS AROS COMO SE FOSE UNHA DIANA, PRACTICAR O TIRO DA PELOTA CAS MANS, PÉS... TRABALLAR O EQUILIBRIO SEGUINDO LÍÑAS CURVAS, RECTAS, ESPIRAL..., USO DE ZANCOS...
- **CANCIÓNS:** O XOGO DA CARRASQUIÑA, O XOGO DAS ESTATUAS, NO AUTO DE PAPÁ, FUN O MERCADO...
- **ACTIVIDADES DE PREDEPORTE:** XOGAR O FÚTBOL, O BALONCESTO, O HOCKEY, AIR HOCKEY, FRISBEE...





3º MOMENTO: VOLTA A CALMA

- **MASAXES** A SÍ MESMOS OU POR PARELLAS
- **ACTIVIDADE DE MINDFULNESS** "DUCHA DE SENSACIÓNS" O NENO/A QUE VAIA RECIBIR A MASAXE PONSE NO MEDIO DE 4 COMPAÑEIROS/AS. 1º BOTAN A AUGA TOCANDO O CORPO SÓ COAS XEMAS DOS DEDOS; 2º ENXABONAN O CORPO DANDO SUAVES MASAXES; 3º QUITAN A AUGA FROTANDO SUAVEMENTE; 4º SECAN SOPRANDO E DANSE UN ABRAZO COMO SE FOSEN UNHA TOALLA.



Explorando as illas do mar: Unha viaxe fascinante do alumnado de 5 anos A

As nenas e nenos da aula Antía Cal embarcáronse nunha aventura polos mares durante o curso 2022/23. Queredes acompañarnos nesta viaxe?



SUBE A BORDO!

Visitamos todo tipo de illas, algunhas terroríficas e outras divertidas.



Aquí estou! Son Atilano o esqueleto, hahaha!



Ata nos abordou a pirata Marta! Soamente quería axuda para facerlle un motín ao seu capitán engreído e abusón que non quería mulleres no seu barco!!





SE FORA EU,
COMÍAO! JAJA.
QUE TAL? SON
RAMÓN, O DRAGÓN



Acabamos coa sequía da illa da Vida grazas á nosa poesía, o punto débil de Absorvo.

Tamén saímos do centro. Fomos a Fervenzaventura coa clase de 6º de Infantil B.

E cando escapou a nosa mascota, fixemos un tour por Santiago para atopala. Chegamos ata Conxo!



Despois de todo un curso navegando por todo o mundo, a nosa aprendizaxe foi recoñecida. Visitamos o porto de Noia onde Lois, o mariscador, púxonos a proba. Finalmente obtivemos o título de navegantes!

Noraboa nenas e nenos!



Benvidas e benvidos á aula Encarna Otero Cepeda, aula de 6º de Educación Infantil B! Para nós é un pracer abrirvos as portas e amosarvos un pouquiño de todo o que nos esforzamos durante este curso.

No primeiro trimestre traballamos o 25N, *Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller*. Reflexionamos en gran grupo sobre aquelas accións doutras persoas sobre nós que non nos gustan e tamén sobre o que sí que nos gusta. En pequenos grupos, elaboramos uns paneis coas nosas fotografías: un en branco e negro berrando o lema Basta xa; en contraposición, fotografías con palabras e accións agarimosas.



No segundo trimestre achegámonos ao texto descriptivo a través dos superheroes e das superheroínas. O resultado e produto final de uso social foi a produción dun libro de descrições no que participaron todas as nenas e nenos da aula. Achegamos dúas ligazóns onde atoparedes o libro completo

(<https://drive.google.com/file/d/1gw2mewffOau3skc9ctQhxFIV9oqtCVOD/view?usp=sharing>)

e o proceso (<https://drive.google.com/file/d/1cGjt-5OlSTWYWFenHFghwyDdqq5u7av-/view?usp=sharing>) desta ambiciosa secuencia didáctica de tipoloxía textual.

Queremos destacar tamén que tivemos a sorte de contar coa axuda de Clara Panceira, mestra en prácticas do 5º curso do Dobre Grao en Mestra en Educación Infantil e Primaria da USC. Aproveitando que estabamos a coñecer os superheroes e superheroínas viu a oportunidade de achegar a técnica da RCP ao alumnado e inicialos en nocións básicas dos primeiros auxilios.

Foi todo un éxito; tanto que tamén puideron disfrutar desta proposta o resto de nenos e nenas de Infantil. Moitas grazas Clara!



Neste último e terceiro trimestre aproveitamos para traballar un animal moi famoso na nosa terra pero do que nos demos conta que sabemos ben pouco: A VACA. Así, puxémonos mans á obra coa investigación. Debuxamos vacas, aprendemos as súas partes, buscamos información, “muximos unha vaca”, vimos fotografías reais... e finalmente, con toda a información recadada... elaboramos infografías en pequeno grupo. Podedes velas na seguinte ligazón

<https://drive.google.com/drive/folders/1Hlwb64ZUHLcyHWuJipRFzcuRzNASqFgP?usp=sharing>



Agardamos que vos gustasen as nosas propostas. Vémonos o vindeiro curso en 1º de Primaria!

1º curso de Educación Primaria

Este curso, as nenas e nenos de 1º, superamos o gran reto de afrontar unha nova etapa. Non é pouca cousa pasar con nota unha das aprendizaxes máis importantes da escola: ler e escribir dunha forma da que podemos estar orgullosas e orgullosos. Alén disto, tamén nos iniciamos en habilidades matemáticas como a resolución de problemas con sumas e restas e descubrimos e aprendemos moitos e diversos aspectos do mundo que nos rodea nas áreas de ciencias. E como mostra e pequeno recordo das diferentes actividades e saídas das que gozamos ao longo deste ano, aquí vai un pequeno resumo dalgunhas das cousiñas que fixemos:

- Aprendemos contidos como as partes do corpo, a auga ou a paisaxe urbana a través de xogos.



Traballamos a importancia da alimentación facendo un mural e clasificando os tipos de alimentos. Tamén visitamos un supermercado para ver como estes alimentos chegan a nós.

- Acudimos á obra de teatro das futuras mestras e mestres na Facultade de Ciencias da Educación entendendo a importancia da igualdade entre mulleres e homes, e visitamos a Biblioteca Ánxel Casal para decorala con fermosas mensaxes. Tamén gozamos de espectáculos de danza no Auditorio de Galicia.



- Os ecosistemas terrestres e o seu coidado foi un dos eixes principais das nosas aprendizaxes, coñecendo os diferentes animais e plantas que os compoñen.
- Visitamos unha exposición no Auditorio de Galicia sobre o desastre natural do *Prestige* e entendemos a importancia que ten coidar o noso medio natural.



- Coñecemos o Museo de Historia Natural para achegarnos a diferentes ecosistemas e coñecer os seres vivos propios de cada un.
- Aprendemos sobre as abellas e a importancia do proceso de polinización nun obradoiro na biblioteca Ánxel Casal.



- Convertémonos en exploradoras e exploradores dos ecosistemas no Entroido.



- Aprendemos a clasificar animais programando robots, facendo o proceso moito máis divertido



- Visitamos os Museos Científicos da Coruña, a Casa das Ciencias e o Aquarium Finisterrae.
- En Proxecto Competencial divertímonos elaborando xogos de mesa a partir de material de refugallo.



- E o máis importante, resolvemos o misterio da biblioteca!!



PEGADAS DE 2º

SAÍDAS



Museo de Historia Natural - USC
Aprendimos moito sobre animais, plantas, minerais... e moitas cousas máis.

Auditorio de Galicia
"O pequeno Mozart"



Centro de Interpretación dos Parques e Xardíns.



Mercado de Abastos e Librería Couceiro.
 Hai moitas cousas ricas no Mercado de Abastos, queriamos comer todo! . Na librería Couceiro ensináronnos a restaurar libros.



Multiusos do Sar: Obradoiro CAB
 Desfrutando dun deporte que nos gusta moito.


Parque de Bonaval: Día do Medio Ambiente.
 A merenda rodeados de natureza sabe moito mellor.



LECTURAS



Dámonos os *Bos días!* lendo cos nosos libros preferidos.



Lecturas para celebrar o «*Día del Libro*» descubriendo valores co libro *Don Quijote* de Miguel de Cervantes.



Lecturas compartidas en familia coa «*Mochila Viaxeira*»



● Lecturas Compartidas con/as compañeiros/as dos nosos traballos.
 ● Recollida de información en libros variados, Internet...



● Lecturas online de biografía, historia, noticia...



● Lecturas no proxecto lector cos libros O rampasacaiador que esa ven motor de A.R. e Um tren cargado de misterios de A.F. Paz.

CELEBRACIÓNS




Festexamos o Samain,
o Magosto e xogamos
coas follas secas.



O Apalpador, Papá Noel e os Reis Magos andiveron á procura da árbore de Nadal.



No Entrado
disfrazámonos
de árbores.






Celebramos o día da Rosalía e o 8-M.



Semana das Letras Galegas dedicada a Francisco Fernández del Riego.



Cantamos e bailamos arredor do Maio e... no verán descansaremos á sombra dos carballos.


En 3º de primaria, ao longo do curso 22/23 participamos, xunto cos nos@s titor@s en actividades moi interesantes:

En outubro fomos ao Museo da Cidade da Cultura a ver unha exposición de cadros de Laxeiro. Un pintor galego ao que se lle dedicou no ano 2022 o Día das Artes. Nós na aula quixemos recrear a súa pintura antes da viaxe a América e despois.


No mes de novembro visitamos a exposición organizada polo colectivo "Máisquemel" na Biblioteca Ánxel Casal. Incluía pintura, escultura e artesanía creada arredor do mundo das abellas e ía acompañada dunha selección de diferentes colmeas do mundo.



OS EXPERIMENTOS FORON MOITOS, VARIADOS E INTERESANTES, POR ISO OS REXISTRAMOS NOS NÓSOS CADERNOS DE EXPERIMENTOS QUE CONTINUAREMOS EN 4º DE PRIMARIA.



O proxecto da Biblioteca do Centro, sobre os ecosistemas ocupounos parte do curso, dende a clasificación de follas:



MONTAXE E OBSERVACIÓN DO ECOSISTEMA NA AULA




SAÍDAS MOI INTERESANTES



RUTAS POR SANTIAGO PARA OBSERVAR AS PRAZAS E AS PORTAS DA CIDADE AMURALLADA.



MUSEO DE HISTORIA NATURAL



VISITA Á PENÍNSULA DO GROVE, CON VISITA AO ACUARIO, NAVEGAMOS NUN CATAMARÁN ATA UNHA BATEA E GOZAMOS DO MIRADOR DE SIRADELLA




VISITA DE CHARO PITA



PREME NO ENLACE SE QUERES VER AS NOSAS RECOMENDACIONS LECTORAS

E SOBRE TODO... MOMENTOS DE APRENDIZAXE



PORTADAS

PRESELECCIONADAS






NOVOS DEPORTES QUE COÑECEMOS ESTE ANO EN E.F. MOITAS GRAZAS JUANJO, XOSÉ E RUGBY COMPOSTELA.

Esgrima

Gustoume moito a actividade de facer esgrima.
 Porque a verdade é un deporte que tes que calcular as distancias, xogar ca flexibilidade dos pés, calcular os ángulos...
 A verdade aunque non puiden competir gustoume a actividade, e repetiría as veces que fixera falta.

Juliette
 Reynaert Vázquez
 5ºA



A Esgrima
 A miña gustoume moito porque o pasámos moi ben probamos xogar que adaptámos para practicar reflexos, técnicas...
 E para min é un deporte especial e moito que o pasámos ben

Sofía Rey Pereira

O DIA 5 DE XUÑO FOI O DIA DO MEDIO AMBIENTE E POR ISO FIXEMOS UNHA ANDAINA ATA UN PARQUE PRETO Á ESCOLA (BONAVAL), ONDE MERENDAMOS E XOGAMOS.



Debuxos feitos polo alumnado de 2º B




O alumnado de infantil visitou as hortas urbanas de Bonaval.

O grupo A de cuarto de Educación Primaria, durante o curso 2022/2023, gozamos moito coas seguintes actividades:


- Disfrazamos a nosa porta, segundo a ocasión (sempre de forma sostible).



- Coidamos e observamos os seres vivos do noso recanto da natureza.



- Asistimos a diferentes actividades culturais.



- Celebramos o noso propio PROCESO ELECTORAL: representante estudiantil.

- Participamos en concursos de debuxo.





Noraboa, Aitana!

Portada da Revista Pegada 19



- Fixemos experimentos científicos.











APRENDEMOS, CANTAMOS E DEBUXAMOS COA CLASE DE 4ºB

ESTE CURSO NA AULA DE 4º B TRABALLAMOS ARRO, PERO QUIXEMOS FACELO SEMPRE DIVERTÍNDONOS E AMOSANDO AS E OS ARTISTAS QUE LEVAMOS DENTRO. CASE TODOS OS DÍAS CANTAMOS UNHA CANCIÓN AO ENTRAR E DESPOIS FOMOS APRENDEndo PALABRAS FERMOAS, EN GALEGO, EN CATALÁN, EN ÁRABE, EN FRANCÉS DESCUBRINDO TODO O QUE NOS PODE OFRECER A NOSA LINGVA GALEGA E TODAS ELAS, PORQUE CADA UNHA É UN TESOURO! DEBUXAMOS PALABRAS COMPOSTAS E TAMÉN DITOS, FRASES FEITAS E REFRÁNS ASÍ QUE INVITÁMOSE A XOGAR CON NÓS!



IMOS PROBAR -->

IMOS ALÁ...



1. CONTAGOTAS 2.. SOBREMESA 3.CORTACÉPDE 4. MATAMOSCAS 5. PARARRAIOS 6. PARAUGAS 7. AUTOMÓBIL 8. ABRELATAS 9. QUEBRANCOES
10. PARASOL 11. AUTOESCOLA 12. PAPAVENTOS 13. MAPA MUNDI 14. MOTOSERRA 15. BALONCESTO 16. BALONMÁN 17 GARDAMONTES 18. MEDIANOITE

DESCIFRA OS DITOS, FRASES FEITAS E REFRÁNS DE 4ºB

AS SOLUCIÓNS SON:

1. QUE MORRA O CONTO!
2. AMIGUIÑOS SI, PERO A VAQUINA POLO QUE VALE
3. SAE MÁIS CARO A SALSA CO PEIXE
4. OUTRA VACA NO MILLO
5. CAN LADRADOR POUCO MORDEDOR
6. A REI MORTO REIO POSTO
7. DAR GATO POR LEBRE
8. SE CHOVE, QUE CHOVA
9. BAILA O CAN POLO PAN
10. QUEN TEN CV, TEN MEDO
11. NUNCA CHOVEU QUE NON ESCAMPARA
12. POLO SAN XOÁN A SARDIÑA MOLLA O PAN
13. A CABRA SEMPRE TIRA AO MONTE
14. GALIÑA VELLA FAI BO CALDO






E xa estamos case no final dunha etapa. Atrás deixamos un rego de vivencias e diante nosa temos o último curso antes de voltar a ser as pequenas da escola.

Pero como aínda somos cativas, gústanos xogar e debuxar, e non nos gustan nadiña os carrachos.

E entre teatro, arquitectura e banda deseñada, aquí vos deixamos un dos exemplos dos estudos que realizamos sobre as liñas na materia de matemáticas e de ciencias sociais.

Agardamos que vos gusten e ata o ano que ven!



PROXECTO: “CARTELAMOS PARA CONCIENCIAR”

Traballo colaborativo deseñado polo alumnado de 5º B coa ferramenta Canva

OBXECTIVO: Elaborar un cartel que promocioe o aspecto positivo das actuacións e actitudes axeitadas no noso centro educativo.



EXCURSIÓN FIN DE CURSO. 5º EP

INFORMÁMONOS

Sobre as distintas especies arbóreas, a historia do Mosteiro de Caaveiro, os fentos da época dos dinosaurios...

CAMIÑAMOS

Por unas fragas con paisaxes moi bonitas.



COCIÑAMOS

Sabedes que elaboramos?



DESCUBRIMOS

Novos lugares onde había diferentes tipos de muíños e como foron cambiando co paso do tempo.

Tamén, aprendemos a manexar unha brúxula para orientarnos.

XOGAMOS

Na velada, xogamos a "Atrapa a bandeira". No tempo libre, podemos xogar ao ping pong, ao xogo da rá, columpios, nas cabanas do bosque...

O DANO DOS EÓLICOS EN GALICIA

**A INFLUENCIA DESTES MUIÑOS
ACABARÁ ARRUINANDO A FAUNA E
FLORA NA NOSA COMUNIDADE**



**Desde 6ºA,
seleccionamos este
traballo.**

**Nel, fálase dos
eólicos, das súas
vantaxes e dos seus
inconvenientes.**

Estes muiños de vento serven para producir a corrente eléctrica continua que se necesita para reproducir o hidróxeno renovable.

Non obstante, como en moitos outros temas, hai ideas contrarias sobre a instalación e a situación destes muiños.



Podemos atoparnos as seguintes opinións:



NOS MONTES:



A xente non quere que se instalen eólicos, xa que espantan aos animais e os bosques quedan sen fauna, facendo que haxa máis incendios e que crezan máis herbas malas.

NAS CIDADES:




Á xente das cidades parécelles mellor que se fagan novos parques eólicos porque estes dan máis enerxía, pero quizais non pensan tanto nos animais.

No enlace a pé de páxina podedes escoitar a Xosé Henrique Bazal Bouzas, expresidente da asociación Rapa Das Bestas e representante dun pobo contra os eólicos, que loita polos seus montes e a súa saúde xa que os queren poñer moi cerca dos animais e da cidadanía.



https://soundcloud.com/maria-del-carmen-montero-chacon/muinhos-eolicos?utm_source=clipboard&utm_medium=text&utm_campaign=social_sharing



**Traballo feito por:
Lois B. e Yago
(6ºA)**

-CATEDRAL-

-dre-

-SANTIAGO.-


Na clase de sociais de 6º estivemos facendo unhas presentacións sobre a Catedral de Santiago de Compostela, para preparar a visita. Fixemos varios grupos que tiñan diferentes temas: as estibas, o altar maior, as gachadas, etc. Unha vez alí tiñámos pensado presentar, pero non nos deu tempo.

Despois, fixemos unha visita a Catedral. Ao chegar vimos a praza do Obradoiro, donde onde se podía contemplar a gachada da catedral. Logo sentámonos nas escaleiras da Axabacharía a esperar a que comezase a misa. Estivemos un bo rato esperando, mentres, unha profesora deixounos ir en pequenos grupos a dar unha volta pola Catedral. Foi moi interesante, vimos diferentes monumentos da Catedral. Tamén podemos ver o Altar maior, e gúmonos as criptas.

Antes de comezar a misa, dous nenos foron a leer unha lectura. Fixérono moi ben. Ao rematar a misa foron a tomar o corpo de Xesús, e máis tarde encenderon o botar-gemeiro. Iá moi rápido e parecía que ibaste a chocar contra el ou que ía a estamparse contra ao feito. Toda a Catedral ulía o inmenso. Foi unha experiencia estupenda. A Catedral é preciosa, encantámonos poder visitala.



CATEDRAL de SANTIAGO de COMPOSTELA



BOTAFUMEIRO

Feito por: Sofia, Raquel, Leire e Cris G-B

6º C VISITA PENA AVENTURA PARK!



PENA AVENTURA

ESTE PARQUE ESTÁ EN RIBEIRA DE PENA (PORTUGAL). É UN PARQUE DE AVENTURA PARA TODAS AS IDADES, EN CONTACTO COA NATUREZA, EN SITIO MOI FERMOZO ENTRE MONTAÑAS. ESTIVEMOS ALÍ O 15 E 16 DE MAIO. AS CASETAS ONDE DURMIMOS ERAN MOI ACOLLEDORAS E OS MONITORES MOI AMABLES.

A VIAXE EN BUS

SAÍMOS DE SANTIAGO ÁS 9:30 NUN AUTOBÚS DE DOUS PISOS. CANTAMOS CANCIÓNS, XOGAMOS E FALAMOS ENTRE NÓS, AÍNDA QUE ALGUNS COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS ÍAN COMENDO E FALANDO BASTANTE ALTO. AÍNDA ASÍ, PORTÁMONOS BÉN EN XERAL. FIXEMOS UNHA PARADA EN CHAVES, ONDE APROVEITAMOS PARA XANTAR, TOMAR UN XEADO OU COMPRAR ALGO NA MÁQUINA EXPENDEDORA.

A TIROLINA

FOI UNHA ACTIVIDADE MOI DIVERTIDA PERO DACHE A SENSACIÓN DE QUE TE VAS ESTAMPAR CONTRA UNHA ÁRBORE...

HABÍA DOUS INSTRUTORES, UN ABAIXO E OUTRO ARRIBA, QUE NOS AXUDABAN A POÑER O ARNÉS E O CASCO.

NESTA ACTIVIDADE PASÁMOLO MOI BEN PERO HAI QUE TER COIDADO CANDO TE ACERCAS AO CHAN.

A DISCOTECA

TIVO LUGAR NA ENTRADA AO COMEDOR. FOI A ÚNICA ACTIVIDADE DE NOITE. A GRAN MAIORÍA DE NOS ESTABA BAILANDO PERO UNS POUÇOS E POUÇAS ESTIVERON FÓRA XOGANDO OU COLLENDO COUSAS NAS MÁQUINAS EXPENDEDORAS. PUXERON MOITA MÚSICA PORTUGUESA E DE TODAS AS CANCIÓNS QUE PEDIMOS SÓ PUXERON UNHAS POUÇAS.

AO FINAL DE TODO PUXERON UNHA CANCIÓN DE 30 MINUTOS QUE ERA TODO O TEMPO O MESMO, PERO CONSEGUIRON QUE TODAS E TODOS BAILÁSEMOS NALGÚN MOMENTO!



A COMIDA

NUNHA SALA MULTIUSOS QUE SERVÍA DE COMEDOR CEAMOS ESPAGUETES CON CARNE PICADA. TAMEN HABÍA SOPA DE VERDURAS E DE SOBREMESA XELATINA DE SABORES. ALMORZAMOS ZUME, LEITE CON CACAO OU CEREAIS, TOSTADAS DE XAMÓN E QUEIXO E MERMELADA OU GALLETAS. ANTES DE MARCHAR, XANTAMOS POLO CON PURÉ DE PATACAS. EN XERAL, A CEA, O ALMORZO E A COMIDA ESTABAN BASTANTE RICAS.

ROCÓDROMO

A ACTIVIDADE CONSISTÍA EN SUBIR A UN ROCÓDROMO MOI DIVERTIDO. HABÍA QUE IR CON OLLLO, XA QUE ALGÚNS CHANZÓS ESVARABAN

Crazy Karts

Os nenos e nenas de 6ºC, xa tiveron a súa saída de fin de curso. Foron a Portugal a un parque de atraccións chamado Pena Aventura. Unha das súas atraccións favoritas foron os Crazy Karts.

Consistía en cinco coches pequenos a motor. A finalidade da actividade era dar seis voltas a un circuíto que tira curvas e un túnel que se o pasabas podías facer un trompo.

EN CONCLUSIÓN

FIXEMOS ACTIVIDADES MOI DIVERTIDAS: TIROLINAS, BARRANQUISMO, KARTS, TOBOGÁN SOBRE RAÍLES, ETC. NON AS FIXEMOS TODAS PERO PASÁMOLO MOI BEN!

REALIZADO POLO ALUMNADO DE 6ºC:
MARCO, MATEO, LEO, LUCAS, OLIVIA, HECTOR, CELIA, JESUS, IRIA, MARTINA, IAGO PÉREZ, IAGO PICÓN, JOEL, LÍA, MIARY, ALAN, LARA, SOFÍA, GUILLE, AHINARA, IVAN, AROA, LUCÍA, ESPERANZA E ADRIAN





POLOS CREATIVOS

Venres Creativos



Este curso 2022-23 o CEIP López Ferreiro foi admitido no **programa de innovación educativa "Polos Creativo" da Xunta de Galicia**.




Dentro deste programa enmárcanse unha serie de accións, entre as que se atopan o acondicionamento dalgúns espazos do centro, a chegada de material tecnolóxico e dixital e o desenvolvemento de propostas creativas co alumnado, destinadas a fomentar o pensamento creativo dende diversas vías.

Esta proposta materializouse no noso centro a través dos **Venres Creativos**, que se desenvolven dende o mes de marzo en semanas alternas.

O alumnado do centro dividiuse en 3 bloques internivel: o bloque inicial (educación infantil), o bloque medio (1º-2º-3º primaria) e o bloque avanzado (4º-5º-6º primaria). Deste xeito, o alumnado da nosa escola (450 alumnas e alumnos), participan de 25 obradoiros simultáneos.

Obradoiros Venres Creativos



 BLOQUE INICIAL	 BLOQUE MEDIO	 BLOQUE AVANZADO
XOGAR A SER	MELLORAMOS O HORTO ESCOLAR	ONDAS CREATIVAS
FACER E DESFACER	PLASTILINA CASEIRA CONDUTORA	INICIACIÓN AO MACRAMÉ
BEEBOTS	ESCRITURA CREATIVA	PAPIROFLEXIA
ESCULTURAS COLOSAIS	PRINCIPIO DE ARQUÍMEDES	MAXIA NOS TEUS OLLOS
XOGOS DE MAGNETISMO	MENUDA EXPERIENCIA APRENDER CIENCIA	CREA MÚSICA CO ORDENADOR
MOVE MOVE	GRAVADO	OLA, NEURONILLAS!
DESCUBRINDO COAS MANS	LUZ E COR	PARACAÍDAS COLABORATIVO
MÁIS QUE PUNTADAS I	MISTERIO NA BIBLIOTECA	CANTO CORAL
		MÁIS QUE PUNTADAS II

Cada un dos obradoiros seguía unha mesma **estrutura**:



O pasado **venres 2 de xuño**, o noso centro foi convidado á **Feira de Polos Creativos na Cidade da Cultura** e o alumnado tivo a oportunidade de explicar o funcionamento dos Venres Creativos e a súa experiencia neles, a máis de 300 escolas de Galicia.



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE SECCIÓN BILINGÜES



A continuación as imaxes e QR que leva a vídeos e/ou artigos sobre as algunhas das actividades máis salientables do curso.

● EDL2022(EuropeanDayofLanguages)



● Alumnadode6ºE.PnaEnglishDigitalWeek



● CreepyCardExchangewithCEIPdePEDROUZOS



QR to the video



QR to the post

● AChristmasExchangewithCEIPPedrouzos



QR to the video




QR to the post

Christmas Presents - Agasallos de Nadal




● AnEnglishPlayforYears5and6-TeatroenIngléspara5ºe6ºdeE.P



● EduExchanges-EnglishLettersToandFromFrance

Intercambio de cartas co colexio Petit Paris de Brest e cun dos institutos (para o alumnado de 6º de E.P)



● HappyWomen'sDay2023



● PrideMonthCardsContest-Concursodepostais,oMesdoOrgullo

Con exposición e certificado de participación para todo o alumnado participante. Ademais de 4 premios, un por ciclo.

Unha oportunidade para mostrar a diversidade e promover a cultura de tolerancia, inclusión e igualdade.



CEIP LÓPEZ FERREIRO

PECADA 19



Autora: Lucía Vieito 6º C

CEIP LÓPEZ FERREIRO
CURSO 2022-23